

Literatura vs. educación

LIX Tradución ao galego dunha obra imprescindible como iniciación á ollada feminista do mundo



O xogo de cartas // Balthus

Dende o seu título á aparencia máis externa –cuberta lila en que resaltan unhas gafas da mesma cor–, *O diario violeta de Carlota* de Gemma Lienas deixa claro cal é o seu tema

principal: unha mirada feminista do mundo, que é tanto coma dicir unha mirada igualitaria. O texto parte dun argumento tan sinxelo coma efectivo: Carlota é unha adolescente de 14 anos a quen a súa avoa Isabel lle aga-

salla un diario rosa cunha mancha violeta no centro. Ao ver a desilusión da neta, a outra avoa, Ana, propónlle que escriba un diario en que vaia rexistrando todas as situacións cotiás que supoñan algún tipo de dis-

criminación para as mulleres. Tras as reticencias iniciais, a protagonista ilusionábase coa idea e comeza a facer partícipe do seu proxecto ao seu contorno: o seu irmán Marcos, a súa amiga Mireia, a súa veciña Laura, seus pais, etc., de xeito que a cadea a prol da igualdade das mulleres é posta en marcha.

O desenvolvemento da novela, como xa acontece noutra das creacións da autora (*O diario vermello de Carlota*, que achega unha visión da sexualidade dende o punto de vista dunha adolescente, e que se complementa co proxecto de Andreu Martín e Jaime Ribera, *O diario vermello de Flanagan*, no que se fai o propio dende os ollos dun mozo), está habilmente pensado para ir desmontando estereotipos negativos arredor do feminismo e, sobre todo, para ir achegando ao lectorado conceptos básicos deste pensamento a través de exemplos tan sinxelos como indicativos da realidade social actual.

Neste sentido, a obra non só consegue o seu obxectivo, senón que o supera: as nidias explicacións de Lienas sobre a paridade, o patriarcado ou a violencia de xénero serán de utilidade para mozas e mozos, permitiéndolles contar con ferramentas críticas para avaliar actitudes da vida cotiá que pasan desapercibidas, mais que claramente agochan comportamentos machistas. A narración ten unha compoñente divulgativa evidente, como amosa o glosario de termos e conceptos incluído nas páxinas finais ou os correos co tes-

temuño de mozas de diferentes lugares do mundo que denuncian as situacións de discriminacións que viven. Antídoto contra a chamada *chick lit* que asolaga ultimamente as edicións máis comerciais para adolescentes (quizais por este motivo o novo auxe dos libros para mozas non sexa tan evidente na literatura galega como noutros sistemas máis normalizados), o valor educativo do texto de Lienas é indubidable e cómpre celebralo.

Mais precisamente aí radica tamén o seu principal problema: a súa compoñente formativa é tan elevada que ás veces se perde de vista que estamos ante un libro de ficción. De feito, o argumento semella comporse dunha serie de situacións creadas *ad hoc* para explicar os conceptos que son do interese da autora, polo que a trama acaba por resultar feble, un chisco inconsistente. Todo isto propicia que *O diario violeta de Carlota* sexa un texto moi acaído para traballar dende as aulas, mais que continúa a nós enfrontar a un eterno dilema da literatura infantoxuvenil: que debe primar, a compoñente literaria ou a educativa? Difícil resposta.

// **Montse Pena Presas**

O diario violeta de Carlota

Gemma Lienas,
M^a Fernanda G.
Briones (trad.)
Galaxia, 2011

164 páx · 9,50 euros

